

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS, DUN/HA CONDUCTOR/A - OPERADOR/A DE TRACTOR ROZADOIRA DE BRAZO LATERAL PARA TRABALLOS MEDIOAMBIENTAIS.

PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a provisión dunha praza de Conductor/a -Operador/a para o manexo de un tractor rozadoira (gran dimensión) de brazo lateral destinado para o desenvolvemento dos servizos e actuacións medioambientais que se prestan nos concellos da Mancomunidad do Salnés.

A principal tarefa a desenvolver polo/a Conductor/a – Operador/a, será a de conducir e manexar o tractor rozadoira para a limpeza de espazos naturais existentes nos concellos da Comarca do Salnés, en coordinación co equipo de traballo medioambiental, segundo o calendario establecido a tal efecto. Así mesmo, será responsable do coidado e mantemento da maquinaria empregada.

SEGUNDO.- NATUREZA DO CONTRATO

A contratación realizarase en réxime de dereito laboral baixo a modalidade de Obra ou Servizo determinado.


TERCEIRO.- DAS CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES INTERESADOS/AS NA OFERTA DE EMPREGO.

Para ser admitido/a no proceso de selección, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data na que termine o prazo de presentación de instancias: Os requisitos mínimos que deben reunir os/as candidatos/as para poder tomar parte no procedemento de selección:

- a) Posuíla nacionalidade española ou dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa

Paseo da Calzada s/n, Cambados - Tfono: 986 521 115 - E-mail: info@osalnes.com



- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A estes efectos establécese a igualdade de condición das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podéndose fixar, con carácter xeral, limitacións físicas ou psíquicas, agás nos casos nos que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente

A condición de discapacidade, o seu grao e a súa compatibilidade co exercicio das funcións da praza, acreditarase mediante certificación para o efecto expedida polo organismo competente.

- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o acceso ao emprego público.

Requisitos específicos que deben cumprir os/as aspirantes:

- e) Formación en Prevención de Riscos Laborais
- f) Estar en posesión do carné de condución B , C + E e CAP.
- g) Titulación esixida: Estudos primarios.
- h) Coñecementos de mecánica.

CUARTO.- PRESENTACION DE SOLICITUDES

Os/as candidatos/as interesados en participar no proceso de selección poderán recoller o Modelo de Solicitud e as bases da convocatoria nas oficinas da Mancomunidad do Salnés ou na web institucional, na sección de anuncios, así como na sede electrónica, mancomunidaddosalnes.sedelectronica.gal.

Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa

Paseo da Calzada s/n, Cambados - Tfono: 986 521 115 - E-mail: info@osalnes.com

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo, entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

QUINTO.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

As instancias de participación, dirixidas á Presidenta da Mancomunidad do Salnés, presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidad, en horario de 9:00 – 14:00 de luns a venres, durante o prazo de 7 días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio nun periódico, no taboleiro de anuncios da Mancomunidad do Salnés e no taboleiro de anuncios da páxina web institucional da Mancomunidad do Salnés, garantindo con isto o coñecemento das ofertas de traballo desta administración e facilitando o principio de igualdade.

SEXTO.- ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

1.—Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidenta ditará resolución, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal e na páxina web da Mancomunidad do Salnés: www.mancomunidadedosalnes.com, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo improrrogable de 2 días hábiles seguintes á publicación da dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos.


De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

2.—Transcorrido o prazo de emenda de defectos, no caso de presentarse reclamacións, se resolverán as reclamacións e se declarará aprobada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, publicándose no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal e na páxina web da Mancomunidad do Salnés: www.mancomunidadedosalnes.com

3.—Contra a resolución da Presidenta, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación de conformidade co establecido no artigo 123 e s.s. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa

Paseo da Calzada s/n, Cambados - Tfono: 986 521 115 - E-mail: info@osalnes.com



4.- O feito de figurar incluído na relación de admitidos/as, non significa que se lles recoñeza aos interesados/as posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/as aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SÉTIMO.- DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGARÁ

- Copia do D.N.I.
- Instancia cumprimentada coa relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso e declaración xurada de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación. (MODELO DE SOLICITUDE)
- Copia do Curriculum Vitae.
- Copia da formación esixida nesta convocatoria.
- Xustificantes da experiencia.
- Xustificantes dos méritos alegados (copias de títulos e diplomas, contratos de traballo, vida laboral)

Só será tomada en consideración para a súa baremación a documentación presentada coa instancia.

O/a candidato/a que resulte seleccionado deberá presentar, ante a Mancomunidad do Salnés, os documentos orixinais cos méritos alegados antes da formalización do seu contrato.

OCTAVO.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL

A designación dos/as membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Presidencia pola que se aprobe a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, de conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Primeiro. O Tribunal estará formado por un/ha Presidente, un/ha Secretario/a e 3 vogais.

Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa

Paseo da Calzada s/n, Cambados - Tfono: 986 521 115 - E-mail: info@osalnes.com



Segundo. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente).

Terceiro. O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Cuarto. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.

NOVENO.- CONTIDO E DESENVOLVEMENTO DAS FASES DO CONCURSO DE MÉRITOS

O concurso realizarase en tres fases, puntuando primeiro os criterios subxectivos, para posteriormente valorar os obxectivos, garantindo con isto o principio de igualdade.

FASES DO CONCURSO

1ª Fase: Entrevista:

O Tribunal realizará unha entrevista persoal que versará sobre cuestións relacionadas co perfil do aspirante, a súa experiencia profesional e as tarefas a desenvolver. Esta entrevista poderá puntuar cun máximo de 20 puntos.

2ª Fase: Proba Práctica:

O Tribunal realizará unha proba práctica sobre o manexo de maquinaria e ferramentas propias dos posto de traballo, así como coñecementos de mecánica.

Esta proba poderá puntuar cun máximo de 40 puntos.


3ª Fase: Valoración de Méritos

Unha vez avaliadas as entrevistas, o devandito tribunal, á vista dos currículos e méritos alegados polos/as aspirantes e, de acordo co perfil da praza a cubrir, efectuará a valoración dos méritos atendendo ó baremo incluído nas presentes bases.

Esta valoración poderá puntuar ata 40 puntos.

Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa

Paseo da Calzada s/n, Cambados - Tfono: 986 521 115 - E-mail: info@osalnes.com



Será obxecto de valoración a carreira profesional e formativa dos aspirantes e, de maneira preferente, os méritos específicos seguintes:

- **A.- Formación (ata un máximo de 12 puntos)**
 1. Por estar en posesión do carné C (4 puntos) e CAP (2 punto).
 2. Por formación en cursos de operador de vehículos e maquinaria para movemento de terras, cursos de mantemento, reparación e manexo de tractores, cursos relacionados ca conservación do medio natural (1 punto por curso ata un máximo de 5 puntos)
 3. Por formación en Prevención de Riscos Laborais Básico. (1 puntos).

- **B- Experiencia Profesional (ata un máximo de 28 puntos)**
 1. Ter experiencia en traballos de roza con maquinaria de grandes dimensións, tractor rozadoira e/ou de brazo lateral. (Por cada 3 meses 3 puntos, ata un máximo de 10 puntos)
 2. Ter experiencia en traballos de roza con medios manuais ou mecánicos (Por cada 3 meses 1 punto, ata un máximo de 10 puntos).
 3. Ter experiencia en traballos con medios mecánicos tales como camións, palas ou tractores (Por cada 6 meses 1 punto, ata un máximo de 10 puntos).


A puntuación do concurso será a suma da puntuación obtida nas tres fases, cun máximo de 100 puntos.

DÉCIMO.- RESULTADOS DA SELECCIÓN

O Tribunal formulará proposta de nomeamento en favor do/a aspirante que obtivera unha mellor puntuación, motivando suficientemente a puntuación concedida na entrevista en canto á experiencia, formación e adecuación do/a candidato/a ó posto. Dita proposta será trasladada á Presidencia da Mancomunidad do Salnés, ós efectos de tramitalla correspondente contratación.

Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa

Paseo da Calzada s/n, Cambados - Tfono: 986 521 115 - E-mail: info@osalnes.com



UNDÉCIMO.- CONTRATACIÓN

Cumpridos os requisitos, a Presidencia procederá a formalizar o correspondente contrato coa persoa seleccionada. Ata a formalización do contrato, a persoa seleccionada non terá dereito a percepción económica ningunha.

O/a aspirante deberá achegar a seguinte documentación:

- a.- Copia DNI ou documento equivalente
- b.- Número da Seguridade Social.
- c.- Número de conta bancaria.

DUODÉCIMO.- PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD.

Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal da Mancomunidad do Salnés, con sede no Edificio Expo Salnés, Paseo da Calzada s/n, 36630 Cambados (Pontevedra), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

DÉCIMO TERCEIRO.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES


As bases desta convocatoria vinculan á Administración da Mancomunidad, ó Tribunal e ás persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

DÉCIMO CUARTO.- INCIDENCIAS E RECURSOS

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias, en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral, será a xurisdición social.

Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa

Paseo da Calzada s/n, Cambados - Tfono: 986 521 115 - E-mail: info@osalnes.com



Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Presidencia, no prazo de 1 mes.

Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

En Cambados, á data da sinatura electrónica

A Presidenta;

Marta Giráldez Barral

Concellos de: Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia, Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa

Paseo da Calzada s/n, Cambados - Tfono: 986 521 115 - E-mail: info@osalnes.com

